



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Urbanismo

Aprobación definitiva de proxecto de equidistribución do ámbito da UA-9

URBANISMO

Anuncio: Aprobación definitiva do Proxecto de Equidistribución do Ámbito da UA-9.-

Expte. 2019/U036/000001 (UA 9)

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada por medios telemáticos o xoves 30 de setembro de 2021, acordouse a **aprobación definitiva** do proxecto de equidistribución do ámbito da UA-9, aprobado inicialmente o 5/04/21 polo promotor, SANTIAGO FUENTES SL

O que se publica para xeral coñecemento aos efectos previstos no art. 220.c do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da lei do solo de Galicia.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste Concello, no prazo de UN MES a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, poderá interpor directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de DOUS MESES, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Se se optase por interpor recurso potestativo de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Asinado en Arteixo a 07/10/2021

D. Luís Alberto Castro Calvete

Concelleiro Delegado en materia de Urbanismo e Patrimonio

Decreto 1513/2021 do 07/06/2021.

2021/7295